

EXPEDIENTE: 1826/2025

ASUNTO: ORZAMENTOS EXERCICIO 2026

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DO ROSAL PARA O EXERCICIO 2026

Conforme sinala o preámbulo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante, LXS): *“A Lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual”*.

A normativa legal vén a configurar o Plan estratéxico como o marco a través do cal debe realizarse a política de subvencións das Administracións Públicas. Neste senso, o artigo 8 LXS dispón con carácter básico que:

“Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o artigo 10 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei (en adiante, RLXS), sen carácter básico, sinala que os plans estratéxicos de subvencións a que se fai referencia no citado artigo 8 configúranse como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Por outra banda, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, incide na vocación de outorgar un tratamento homoxéneo á relación xurídica subvencional nas diferentes administracións públicas, o cal fundamentou a dotación de carácter básico de gran parte dos seus preceptos. Pero a ordenación dun réxime xurídico común desta relación, conciliase, dentro do respecto á regulación básica, co desenvolvemento do réxime xurídico propio correspondente ao ámbito competencial autonómico. Debemos estar neste senso ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto é, segundo o establecido na súa exposición de motivos, o establecemento dunha regulación congruente coas peculiaridades da organización da Administración da Comunidade Autónoma e os seus mecanismos de financiamento,



impulsora da xestión eficaz e eficiente dos seus recursos, pero que, ao tempo, profunde en salvagarda do interese público.

En base á citada normativa, o Concello do Rosal elabora o seu Plan Estratéxico de Subvencións:

PRIMEIRO: ÁMBITO SUBXECTIVO E TEMPORAL DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS

O presente Plan Estratéxico de Subvencións comprende todo o conxunto de subvencións outorgadas polo Concello do Rosal, abarcando o exercicio 2026.

SEGUNDO: COMPETENCIA PARA A SÚA APROBACIÓN.

O artigo 13 do Regulamento dispón que os Plans Estratéxicos serán aprobados no ámbito estatal, polo Ministro ou Ministros responsables da súa execución e que posteriormente se remitirán á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e ás Cortes Xerais para o seu coñecemento.

No ámbito local non atopamos regulación específica. Unha das teses máis defendida é que o órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno de la Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade de fomento e da xestión económica de carácter plurianual, se ben neste caso se opta por centrarnos nun único exercicio, o 2026 aos efectos de proceder a súa posterior avaliación cando remate o exercicio antes de propoñer a aprobación dun Plan que inclúa un maior número de exercicios orzamentarios.

TERCEIRO: PUBLICIDADE DO PLAN ESTRATÉXICO SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DO ROSAL PARA O EXERCICIO 2026.

O apartado segundo da disposición final primeira do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, incorporou o parágrafo segundo ao artigo trece do Regulamento, que trala citada modificación dispón que os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deberán publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de forma que a Intervención Xeral da Administración do Estado deberá ditar as Instrucións oportunas para a posta en marcha da devandita publicación.

CUARTO: NATUREZA XURÍDICA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

Os Plans Estratéxicos se configuran como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.



Os Plans Estratéxicos de Subvencións non teñen rango normativo, son instrumentos de carácter programático, o seu contido non crea dereitos nin obrigas; e a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

QUINTO: CONTIDO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DO ROSAL.

O contido do Plan pódese concretar, de conformidade co establecido no artigo 12 do RLXS nos seguintes apartados:

- I. Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera acadar coa acción institucional durante o período de vixencia do plan, que teñen que estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os defectos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.
- II. Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicarse os seguintes aspectos:
 - o Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
 - o Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
 - o Prazo necesario para a súa consecución.
 - o Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
 - o Plan de acción, no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.
- III. Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Deberase establecer para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan



coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

IV. Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións prevé a posibilidade de que o contido do plan estratéxico se reduza á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento, pero unicamente nos seguintes casos:

- As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.
- As subvencións que, de maneira motivada, se determinen polo titular do Departamento ministerial, en atención á súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.

SEXTO: CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

A Alcaldía, avaliará o cumprimento do presente Plan 2026 durante o seu período de vixencia.

Durante o primeiro trimestre do ano 2027, a Presidenta da Corporación, presentará ante o Pleno un informe no que se avalíe a execución do Plan, o grao de cumprimento, a eficacia e eficiencia do outorgamento de na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e as conclusións, con proposta no seu caso de suxestións para a elaboración del seguinte Plan Estratéxico de Subvencións ou a revisión do vixente.

Anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible e a avaliación realizada.

SÉTIMO: MATERIAS OBXECTO DE SUBVENCIÓN.

O obxecto xeral da subvención ó tecido asociativo que se pasa a expoñer, por parte do Concello do Rosal, é apoiar, na medida do posible, o traballo que desenvolven nos distintos eidos de interese social as asociacións coa implicación da veciñanza e que contribúen á mellora da realidade do noso Concello. Todas as asociacións subvencionadas suman no interese colectivo do noso pobo. As materias concretas obxecto de subvención pasan a describirse a continuación:

1) Asistencia Social Primaria

A materia de subvención que afecta a este apartado reside nas entidades sociais sen ánimo de lucro que desenvolven actividades que promovan o benestar social da veciñanza do noso Concello a través de actividades ou accións encamiñadas á



prevención, asistencia, sensibilización da participación cidadá e incorporación social, entre outras cuestións. Todas estas asociacións atópanse englobadas dentro do ámbito de incidencia dos Servizos Sociais.

A pesares de termos competencias municipais en servizos sociais, as mesmas non abranguen todo o espectro social polo que nalgúns casos os recursos dispoñibles por parte do Concello non abranguen a totalidade das necesidades, de aí que haxa asociacións que cubran en parte esta actividade e o Concello decida colaborar economicamente coas mesmas.

Todas as asociacións que poden ter acceso á subvención contan cun ámbito de actuación que supera a esfera do Concello, tendo unha incidencia Comarcal ou incluso galega.

Para poder seguir un criterio obxectivo á hora de proporcionar apoio neste ámbito, óptase por establecer unhas bases e convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para a concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro. O importe na súa totalidade a subvencionar neste ámbito serán 10.000 € anuais e 5.000 € para axudas de emerxencia social que se outorgarán en base aos informes da traballadora social deste concello, onde estime a necesidade concreta, sendo completada esta contía cando teñamos a resolución, con recursos externos aportados pola Deputación Provincial de Pontevedra para tal fin.

SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
23100.48000	Subvencións en concorrencia competitiva a entidades sociais // Asistencia social primaria	10.000,00

SUBVENCIONS EMERXENCIA SOCIAL		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
23101.48000	Axudas emerxencia social (corrente) // Emerxencia social	5.000,00

Dentro da estratexia deste goberno, cun carácter plurianual, cabe destacar que a colaboración con este tipo de asociacións establecerase máis alá do criterio estrito de importes de diñeiro efectivo. A colaboración con este tipo de asociacionismo tamén pasa por ter a capacidade de inclusión no ámbito da colaboración nas actividades desenvolvidas polo Concello.

2) Funcionamento Centros Docentes de Ensino Preescolar e Primario e Educación Especial.

Neste apartado contémpanse dúas subvencións de carácter nominativo.



A primeira delas vai destinada á Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) do CPI Manuel Suárez Marquier. O obxectivo da mesma é apoiar a labor no ámbito educativo que desenvolve esta asociación, con actividades dirixidas a todo o alumnado do centro.

A segunda subvención contemplada vai destinada á Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) do Colexio Rural Agrupado María Zambrano (CRA). Este tipo de centros facilitan unha proximidade real dos máis cativos co entorno rural no que viven. Un valor engadido moi importante a ter en conta.

A perseverancia e implicación do profesorado e de todo o colectivo de nais e pais durante estes anos facilitou a pervivencia destas escolas no Rosal. É moi importante desde o punto de vista da xestión que se manteña o CRA.

Nun pobo coma o noso, recoñecido xa como semiurbano en moitos ámbitos por institucións como a Xunta de Galicia, cunhas claras raíces rurais é fundamental traballar na vinculación dos nenos e nenas co medio natural e co entorno rural que os rodea. Esta tipoloxía de Colexio traballa e efectiviza precisamente este tipo de educación, cun vínculo directo co medio rural no que vivimos.

Ademais de actividades dirixidas a todo o alumnado do centro, para a continuidade e viabilidade do CRA María Zambrano é precisa a colaboración en termos do custo do transporte, dada a necesidade de mobilidade para os servizos de aula madrugada e comedor.

SUBVENCÍONS NOMINATIVAS CENTROS DOCENTES		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
32301.48000	Subvención nominativa ANPA CPI // CPI	800,00
32302.48000	Subvención nominativa ANPA CRA // CRA - Escolas unitarias	3.000,00

En ambos casos, o Concello colabora con recursos propios na limpeza dos comedores escolares que xestionan as ANPAS, así como en labores de mantemento das instalacións.

Cabe engadir que, ademais das contías nominativas especificadas, entra dentro da estratexia de xestión deste goberno no futuro próximo a creación do Consello municipal do ámbito educativo co obxectivo de poder traballar man a man de xeito colaborativo, integrando ás ANPAS citadas no mesmo.

3) Promoción Cultural

A cultura é un dos ámbitos de dinamización fundamentais no desenvolvemento social. A cultura non deixa de ser unha maneira de aproveitamento social do coñecemento. É un ámbito de creación de ideas, de desenvolvemento intelectual.



Por tanto, promover e desenvolver a nosa cultura, a do noso pobo, é un obxectivo prioritario no desenvolvemento como sociedade desde a xestión municipal.

Neste sentido, a Agrupación Musical do Rosal configura un elemento esencial en termos culturais e musicais no noso Concello. Trátase dun proxecto consolidado con máis de 30 anos de vida que enche de cultura e de música o noso pobo, cunha oferta de clases que abrangue todas as franxas de idade e os estilos de música tradicional, clásica, instrumental e vogal cunha ampla diversidade de grupos.

Un dos activos máis importantes a ter en conta e valorizar é a súa escola de música. Desde fai anos os nenos e nenas do Rosal teñen a oportunidade de estudar e adentrarse no coñecemento da música grazas á gran labor e profesionalidade coa que se traballa desde a Escola de Música da Agrupación. É un privilexio para un Concello tan pequeno contar cunha organización tan sólida e implicada nun eido da importancia que ten a música. Este gran traballo vese acrecentado pola consecución despois dun gran esforzo colectivo do Conservatorio Profesional de Música.

Un dato que acredita a solvencia deste proxecto é a cantidade de profesionais da música que tiveron as súas orixes na escola da agrupación ou a cantidade de persoas que dun xeito ou doutro atópanse vencellados á música ou teñen a música como parte das súas vidas no noso pobo.

No 2026 de xeito extraordinario, a Agrupación Musical participará no Mundial de bandas de Música.

De algunha maneira, a finalidade desta axuda é a de poder dar cumprimento a esa frase tan escoitada no Rosal “O tempo pasa, pero a música queda no pobo”. Desde o punto de vista da estratexia no tempo da xestión este é o obxectivo prioritario deste goberno, garantir que pase o tempo que pase sempre perdurarán os alicerces precisos para que a música siga soando no noso pobo, para que o proxecto de escola de música se manteña e perdure no tempo. A cultura e a música fannos mellores como sociedade e, polo tanto, tamén como pobo.

SUBVENCÍONS NOMINATIVAS CULTURAI		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
33401.48000	Subv. Agrupación Musical // Subv. Agrupación Musical	34.000,00

A subvención á Asociación Ruta do Viño Rías Baixas ven derivada de que somos membros da Xunta de goberno por ser Concello afectado pola Denominación de Orixe.

SUBVENCÍONS NOMINATIVAS CULTURAI		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE



33403.48000	Subv. Ruta do Viño // Subv. Ruta do Viño	600,00
-------------	--	--------

4) Promoción e Fomento do Deporte

O deporte é outro deses elementos fundamentais para o desenvolvemento dunha vida saudable. Facer e practicar deporte mellora as nosas vidas. De aí que desde o punto de vista do interese colectivo tamén sexa moi importante facilitar e apoiar o deporte do noso pobo.

Son múltiples e variadas as disciplinas que se poden practicar no noso Concello e, a verdade, unha parte importante da veciñanza atópase directamente implicada ou ten algún vínculo co ámbito deportivo do noso municipio.

A finalidade das axudas que se presentan a continuación é a de contribuír, sobre todo, ó desenvolvemento das escolas deportivas destes clubs. Desde o punto de vista da xestión, é fundamental que as nenas e nenos teñan un vínculo directo e practiquen deporte desde ben pequenos. Fomentar que o deporte forme parte da rutina diaria persoal pasa por hábitos deportivos practicados desde ben cativos.

Temos exemplos numerosos de deportistas Rosaleiros e Rosaleiras profesionais que hoxe son referentes e saíron das escolas deportivas dos diferentes clubs con moito traballo e esforzo. Este é un dato máis do gran traballo que se está a desenvolver por parte deste tecido asociativo. Ademais, moitos organizan eventos e desenvolven competicións e campionatos no noso pobo.

Contamos con clubs coma o Acanor Atlético Novás, a U.D. Ribera e o Club Ciclista O Rosal que contan con escolas deportivas e que levan anos asentándose e desenvolvendo os seus proxectos no Concello. Desta maneira, a finalidade en termos estratéxicos é o fomento do deporte como un aspecto fundamental inherente ás nosas vidas.

Máis alá das contías económicas, que dependen tamén das situacións circunstanciais das categorías e fontes de financiamento das asociacións, o obxectivo fundamental neste senso deste goberno é levar a cabo actuacións que permitan poñer en valor e visibilizar o traballo do asociacionismo e tamén de todos os deportes e actividades desenvolvidas polas diferentes entidades. Trátase de que todos os cativos teñan a oportunidade de coñecer a oferta deportiva do noso concello como un conxunto que nos fai mellores como sociedade e como pobo.

Un dos obxectivos no futuro próximo é o de consolidar un Consello Municipal do Deporte que nos permita traballar de xeito colaborativo, saber e compartir o inxente traballo que fan as distintas asociacións nos seus ámbitos de influencia e traballar man a man en proxectos e actividades comúns.



SUBVENCIONES NOMINATIVAS DEPORTIVAS		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
34101.48000	Subvención nominativa Novás // Subv. Novás	32.200,00
34102.48000	Subvención nominativa Ribera // Subv. Ribera	20.000,00
34103.48000	Subvención nominativa Club Ciclista // Subv. Ciclista	8.100,00
34104.48000	Subvención nominativa Caza // Subv. Caza	150,00

6) SUBVENCIONES DE CAPITAL

Mantense unha liña de subvencions de investimento ás traídas de augas veciñais. Este é un elemento importante na valoración dun eido de implicación da veciñanza tan esencial na vida das persoas como é a auga. De aí que se decidise manter este epígrafe de subvencions de capital.

SUBVENCIONES CONCORRENCIA COMPETITIVA		
APLICACIÓN	SUBVENCIÓN	IMPORTE
16100.78000	Subvencions inversións traídas augas // Abastecemento de auga potable	30.000,00

No Rosal,

A ALCALDESA

